

SESIÓN EXTRAORDINARIA DE 27 DE ABRIL DE 2.015

Na Casa Consistorial de Outeiro de Rei, sendo as trece horas e cincuenta minutos do día 27 de abril de dous mil quince, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. José Pardo Lombao, e asistencia do Secretario, D. José María Vázquez Pita, reuníronse os Srs. Concelleiros D. José Yebra Amorín, D^a María Begoña Seco Varela, D^a Pilar Méndez Lombao, D^a Tania Díaz Seijas, D. Antonio López Pérez D. Jesús Fernández García, Dona María José Martínez Vigo, D. Miguel Ángel López Varela, D. José Manuel Carral Méndez e D. Arcadio Lombao Román,, co obxecto de celebrar a presente sesión ordinaria.

Aberto o acto pola Presidencia, pasouse ao exame dos asuntos comprendidos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN PLENARIA DE 27 DE FEBREIRO DE 2015

Ponse de manifesto aos membros da Corporación a acta da sesión plenaria celebrada o día 27 de febreiro de 2015.

Non xurdindo debate, sométese votación a aprobación da citada acta. Realizada a votación, queda aprobada pola unanimidade dos membros presentes da corporación.

Acto seguido, o sr. Arcadio Lombao, voceiro do BNG, pregunta porqué non se incorporaron ao orde do día do pleno as mocións presentadas con número de rexistro 1141, 1142, 1143 e 1144.

O Alcalde resposta que ditos escritos se tramitarán como rogos, xa que versan sobor aspectos que non son de competencia plenaria, solicitando ao Secretario do Concello que informe sobor a legalidade deste xeito de proceder.

O Secretario do Concello informa que as mocións son as propostas de resolución que se presentan polos concelleiros ao Pleno para a súa votación. Non obstante, estas propostas deben recaer sobor asuntos do eido competencial do Pleno da Corporación, xa que, de non ser así, o acordo plenario estaría viciado por falla de competencia orgánica.

Polo tanto, o Alcalde, no exercicio das súas funcións de Presidente do Pleno, pode calificar e dar o tratamento xurídico axeitado aos escritos que, presentados coma mocións, realmente non o son.

O voceiro do BNG tacha de inaceptable dito xeito de actuar, xa que cercena o debate democrático no seo do Pleno e implica un desprezo aos votantes aos que representa.

O Alcalde respóstalle ao voceiro do BNG que non se pode sorprender da transformación das mocións en rogos, xa que este xeito de actuar é o habitual na Deputación Provincial de Lugo, gobernada polo BNG máis polo PSOE.

Tras esta intervención, o voceiro do BNG abandona o salón de Plenos.

2.- RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS E DEREITOS

O sr. Alcalde expón sucintamente o contido das rectificacións propostas, que son as que seguen:

“INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS INMOBLES

PORCIÓN VIAL Nº 168

MOSTEIRO

NOME: PORCIÓN VIAL EN MOSTEIRO

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: MOSTEIRO

Núcleo/lugar: MACEDA

Lindeiros: Norte,

SUPERFICIE: 932 m² (184 + 30 + 718 m²)

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, efectuada mediante escritura de segregación y cesión autorizada por la Notaria doña Marta Abelaira Fernández, (núm. 36), en data de 15 de xaneiro de 2015, e aceptada por acordo da Alcaldía de data de 25 de febreiro de 2015.

Na citada escritura cédense as seguintes parcelas:

- Subparcela 8, de 184 m².
- Subparcela 9, de 30 m².
- Subparcela 10, de 718 m².

SITUACIÓN REXISTRAL:

En trámites de inscrición”.

Non xurdindo debate, sométese a votación a proposta de rectificación do inventario municipal de bens e dereitos.

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

3.- EXPEDIENTE DE ALTERACIÓN DE CALIFICACIÓN XURÍDICA: CAMBIO DE TRAZADO DE CAMIÑO EN FRANCOS

O sr. Alcalde inicia a defensa da seguinte proposta de resolución:

“Actualmente, na cartografía catastral recóllese un tramo de camiño público que discurre entre a parcela 91 e as parcelas 523 e 524 do polígono 30 deste termo municipal.

Non obstante, este trazado non se corresponde co trazado actual, que atravesas as parcelas 523 e 524, de xeito lineal entre as coordenadas 608112.93 4772884.62 e 607973.65 4773131.49, nunha lonxitude de 284ml.

Non obstante a desafectación material derivada da perda de uso, débese proceder á desafectación formal do tramo de camiño, mediante a tramitación do procedemento previsto no artigo 81 da Lei 7/1985, de 2 de abril.

Por todo iso, o día 4 de febreiro de 2015 acordouse iniciar expediente de cambio de trazado do tramo de camiño público que discurre entre a parcela 91 e as parcelas 523 e 524 do polígono 30 termo municipal, de xeito que pase a atravesar as parcelas 523 e 524, de xeito lineal entre as coordenadas 608112.93 4772884.62 e 607973.65 4773131.49, nunha lonxitude de 284ml., así coma o recoñecemento como camiño público do tramo que discurre perpendicularmente ao mesmo dende a parcela 523, polo linde sur das parcelas 10020 e 531 até entroncar co camiño público catastrado 9004 do polígono 30.

Dito acordo de inicio publicouse no BOP núm. 40, xoves, 19 de febreiro de 2015, e foi notificado aos posibles interesados, outorgando un trámite de alegacións de un mes.

Non obstante, durante o prazo de información pública non se presenteo alegación algunha e, consecuentemente, propoño ao Pleno da Corporación:

- *Aprobar definitivamente o cambio de trazado do tramo de camiño público que discurre entre a parcela 91 e as parcelas 523 e 524 do polígono 30 termo municipal, de xeito que pase a atravesar as parcelas 523 e 524, de xeito lineal entre as coordenadas 608112.93 4772884.62 e 607973.65 4773131.49, nunha lonxitude de 284ml., así coma o recoñecemento como camiño público do tramo que discurre perpendicularmente ao mesmo dende a parcela 523, polo linde sur das parcelas 10020 e 531 até entroncar co camiño público catastrado 9004 do polígono 30”.*

O Alcalde explica que este tramo de camiño correspóndese co trazado actual da ruta do miradoiro da Terra Chá, que anteriormente discurría polo tramo desafectado e agora discurre polo que se prente afectar.

O voceiro do PSdG-PSOE non se opón á modificación proposta, xa que non implica unha merma dos intereses xerais do Concello e redunda en beneficio dos veciños.

Non xurdindo máis debate, sométese a votación a proposta de resolución.

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

4.- EXPEDIENTE DE ALTERACIÓN DE CALIFICACIÓN XURÍDICA: CAMBIO DE TRAZADO DE CAMIÑO EN SAN LORENZO

O sr. Alcalde inicia a defensa da seguinte proposta de resolución:

“Na cartografía catastral aparece reflexado actualmente un tramo do camiño pol. 100, parcela 9008, que discurre entre polo linde sur das parcelas 89 e 90 e linde norte das parcelas 238 e 239 do polígono 100 do catastro de rústica deste concello de Outeiro de Rei.

Este tramo de camiño, se ben existiu no seu momento foi substituído por unha variante (actualmente xa catastrada), que discurre polo linde sur das parcelas 238 e 239 do mesmo polígono.

Dita variante fíxose no seu momento sen a previa tramitación do expediente de desafectación e simultánea afectación, e mediante acordo oral co propietario

A variante actual se atopa axeitadamente pavimentada e asfaltada.

Pola contra, o antigo tramo se atopa actualmente en deshuso e, adosado ao seu lindeiro, levantáronse unha serie de edificacións que poñen en perigo a seguridade vial.

A conveniencia de interese público se aprecia no feito de que o novo (e actual) trazado non discurre entre as edificacións, o que repercute moi positivamente na seguridade viaria.

Polo tanto, se propón formalizar a desafectación material producida así como a simultánea afectación da variante executada. Correlativamente se propón formalizar a permuta das superficies simultaneamente afectadas e desafectadas.

Por todo iso, o día 3 de decembro de 2014, acordouse iniciar expediente de alteración da calificación xurídica (desafectación) do tramo do camiño pol. 100, parcela 9008, que discurre entre polo linde sur das parcelas 89 e 90 e linde norte das parcelas 238 e 239 do polígono 100 do catastro de rústica deste concello de Outeiro de Rei, e simultánea afectación do tramo que discurre polo linde sur das parcelas 238 e 239 do mesmo polígono.

Dito acordo de inicio así coma o inicio do prazo de información pública publicouse no BOP núm. 51, mércores, 4 de marzo de 2015, e foi notificado persoalmente aos posibles interesados.

Non obstante, durante o prazo de información pública non se presentou alegación algunha e, consecuentemente, propoño ao Pleno da Corporación:

Aprobar definitivamente a alteración da calificación xurídica (desafectación) do tramo do camiño pol. 100, parcela 9008, que discorre entre polo linde sur das parcelas 89 e 90 e linde norte das parcelas 238 e 239 do polígono 100 do catastro de rústica deste concello de Outeiro de Rei, e simultánea afectación do tramo que discorre polo linde sur das parcelas 238 e 239 do mesmo polígono”.

O Alcalde resposta que o vial a desafectar neste expediente foi modificado na realidade fai bastantes anos, pero non se documentou nin a desafectación, nin a afectación do tramo polo que efectivamente discorre hoxe en día. O presente expediente pretende documentar esta realidade.

O voceiro do PSdG-PSOE reitera a súa posición anterior: non se opón á modificación proposta, xa que non implica unha merma dos intereses xerais do Concello e redonda en beneficio dos veciños.

Non xurdindo máis debate, sométese a votación a proposta de resolución.

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

5.- DESAFECTACIÓN DE TRAMO DE CAMIÑO EN XUEUS

O sr. Alcalde inicia a defensa da seguinte proposta de resolución:

Con data de 15 de outubro de 2014, don José Silvarrey Parga, con DNI 33608710Y, solicitou a desafectación e posterior enaxenación do tramo de camiño que discorre entre as parcelas 435 e 596 do polígono 30 deste termo municipal.

Dito tramo de camiño atópase en estado de abandono, debido a que a actual rede viaria presta servizo á totalidade das fincas do entorno en mellores condicións de accesibilidade.

Verifícase o estado de abandono e perda de uso do tramo de camiño, e conséntase a inexistencia de interese público no mantemento do mesmo.

Non obstante a desafectación material derivada da perda de uso, débese proceder á desafectación formal do tramo de camiño ocupado polo cemiterio, mediante a tramitación do procedemento previsto no artigo 81 da Lei 7/1985, de 2 de abril.

Por todo iso, o día 3 de febreiro de 2015, acordouse iniciar expediente de desafectación do tramo de camiño público que discorre entre as parcelas 435 e 596 do polígono 30 deste termo municipal.

Dito acordo de inicio así coma o inicio do prazo de información pública publicouse no BOP núm. 35, xoves, 12 de febreiro de 2015, e foi notificado persoalmente aos posibles interesados.

Non obstante, durante o prazo de información pública non se presentou alegación algunha e, consecuentemente, propoño ao Pleno da Corporación:

Aprobar definitivamente a desafectación do tramo de camiño público que discurre entre as parcelas 435 e 596 do polígono 30 deste termo municipal”.

Non xurindo maior debate, sométese a votación a proposta de resolución.

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

6.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADAS

A pesares da marcha do voceiro do BNG, o Alcalde acorda dar tratamento como rogos dos escritos presentados polo voceiro do BNG, iniciando o Secretario a lectura en viva voz dos mesmos pola seguinte orde:

Escrito presentado polo voceiro do BNG con data de 10 de abril de 2014 e número de rexistro de entrada 1141, do seguinte teor literal:

“Arcadio Lombao Román, Concelleiro do BNG na Corporación Municipal de Outeiro de Rei ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte:

MOCIÓN RELATIVA A SOLICITAR O ARRANXO DO CAMIÑO EXISTENTE ENTRE O CRUDE DE SANTA MARIÑA E O POLÍGONO INDUSTRIAL DE OUTEIRO DE REI

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende fai xa moitos anos, incluso dende antes da urbanización do polígono industrial, existe esta camiño entre o cruce de Santa Mariña e o polígono industrial (antes unha areeira). Este camiño ten unha anchura máis que suficiente para o cruce de dous vehículos de calquera tipo e está totalmente afirmado.

A pesares disto, o camiño é totalmente intransitábel debido aos coios existentes no pavimento, non necesitado nada máis que unha capa de asfalto para que “aplane” o piso. Todo este traballo pode facerse por unha mínima cantidade de cartos, cando menos moito menor que outros gastos que fai o concello en cuestión totalmente innecesarias.

Ademáis, dáse a circunstancia ademáis que sa está arranxada ata entrada dunha finca que está ao comezo volvendo aos coios despois desta finca.

Co arranxo deste camiño, ademáis de conseguir unha vía rápida de comunicación das parroquias de Cela e Santa Mariña co polígono industrial e coas parroquias de Bonxe e Matela, tamén se conseguiría que os autobuses e camións que non poden pasar polo paso de debaixo da vía do tren (debido ao deficiente proxecto que permitiu esa Alcaldía) pasaran dun xeito relativamente cómodo e mais rápido cara Outeiro de Rei ou para a autovía.

Por todo iso, SOLICITAMOS do Pleno da Corporación Municipal de Outeiro de Rei a adopción do seguinte:

ACORDO:

Ainmediata pavimentación da pista existente entre o cruce da Santa Mariña e o Polígono Industrial de Outeiro de Rei nese tramo que está sen arranxar e que ten unha lonxitude de aproximada de 410 metros.

En Outeiro de Rei, a 31 de marzo de 2015”.

O Alcalde posiciónase en contra de facer esta pista, xa que fai máis de dous anos, algún veciños da zona trasladáronlle a súa oposición a que se pavimentase esa pista, xa que ía xerar moito tráfico e ía ser un incordio para os residentes, e que a saída natural do polígono é a actualmente existente.

Non obstante, se no futuro os veciños solicitan maioritariamente que se asfalte e o Partido Popular segue a gobernar, non terá inconveniente en facelo.

Escrito presentado polo voceiro do BNG con data de 10 de abril de 2014 e número de rexistro de entrada 1142, do seguinte teor literal:

“Arcadio Lombao Román, Concelleiro do BNG na Corporación Municipal de Outeiro de Rei ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte:

MOCIÓN RELATIVA A SOLICITAR O ARREGLO DO CAMIÑO EXISTENTE ENTRE O CHAMADO “PORTO ACUSTIL” E O BARRIO DAS HORTAS, QUE DISCORRE AO LONGO DO RÍO, POLA ZONA CHAMADA “AS CALDAS”, NA PARROQUIA DE CELA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Cada vez resulta máis habitual observar veciños e veciñas de Outeiro, así como xente de fóra do concello, camiñar e pasear ao longo do río, cuestión que se fai máis habitual aínda polas rutas existentes ao longo dos tramos que rodean as insuas do Miño en Cela.

Do mesmo xeito, os tramos existentes entre a Trabanca e o mencionado “Porto Acustil” e entre o Pedragoso e o Muiño de Felpás xa foron arranxados e hoxe están en condicións aceptábeis para facer este tipo “camiñatas”, así como para usar como vía de servizo para as fincas que teñen a entrada por eses camiños.

O tramo do que falamos descorre tamén ao longo do río e tamén paralelo ás Insuas do Miño e está totalmente intansitábel, tanto pola maleza existente nel como polo propio piso. Por este camiño non poden pasar nin as persoas nin ningún tipo de vehículo, co cal os veciños tampouco poden entrar para as súas fincas ao longo deste camiño.

Os traballos a realizar serían simplemente de limpeza e de arraxo do piso para sacarlle a auga e a lama e dese xeito poder pasar ao longo del, polo que os custos non van ser moi elevados ou, polo menos, van ser menores que outros moitos traballos ou operacións que se están a facer polo concello e que poducen moito menos rendemento para o ben do concello e dos seus veciños e veciñas.

Por todo iso, SOLICITAMOS do Pleno da Corporación Municipal de Outeiro de Rei a adopción do seguinte

ACORDO:

O inmediato arranxo do camiño existente entre o Porto Acustil e o barrio das Hortas que discorre ao longo do río Miño na parroquia de Cela nun tramo de 582 metros aproximadamente, arranxo que consistirá na súa limpeza e arranxo do pavimento para que sexa transitábel.

En Outeiro de Rei, l a 31 de marzo de 2015”.

O Alcalde afirma que dito camiño é un camiño actualmente en desuso, xa que é un camiño moi estreito e as edificacións da zona sírvense por camiños xa asfaltados. Ao igual que no escrito anterior, non terá inconveniente en arranxalo se así o solicitan os veciños e ceden o terreo suficiente como para meter unha máquina e realizar o arranxo.

Escrito presentado polo voceiro do BNG con data de 10 de abril de 2014 e número de rexistro de entrada 1143, do seguinte teor literal:

“Arcadio Lombao Román, Concelleiro do BNG na Corporación Municipal de Outeiro de Rei ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte:

MOCIÓN RELATIVA A SOLICITAR AO MINISTERIO DE FOMENTO A ELIMINACIÓN DAS VÍAS DE SERVIZO DA VILA DE OUTEIRO DE REI E A DECLARACIÓN COMO TRAVESÍA URBANA DO TRAMO DE N-VI QUE ATRAVESA ESA VILA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Resulta evidente o amplo rexeitamento existente entre as veciñas e veciños afectados polo plan desa Alcaldía referente á urbanización da vila de Outeiro de Rei ao longo da N-VI a través do Plan de Delimitación de Polígonos Urbanos. Tamén resulta evidente a discriminación que con este proxecto estarían a sufrir as veciñas e veciños de Outeiro con respecto a calquera outra vila existente ao longo da N-VI dende Coruña ata Madrid.

Todos estes problemas xerados e este trato discriminatorio remataría, co cambio das normas subsidiarias e a declaración e acondicionamento por parte de Fomento do tramo de N-VI que atravesa a vila de Outeiro como travesía urbana, coas características propias de tal denominación e coas mesmas características das vilas do carón, como poden ser Guitiriz, Baamonde, Begonte, Rábade, etc.

Conseguir estas cuestión é unha simple cuestión de vontade política, que o Alcalde e o PP queiran simplemente levalo a cabo.

Por todo iso, SOLICITAMOS do Pleno da Corporación Municipal de Outeiro de Rei a adopción do seguinte:

ACORDO:

Iniciar por parte do Concello, os trámites necesarios para o cambio de normas subsidiarias, que eliminarán as vías de servizo e solicitar ao Ministerio de fomento a declaración e acondicionamento como travesía urbana deste tramo da N-VI, ao igual que acontece nas outras vilas do contorno.

Do mesmo xeito, o concello tomará todas as iniciativas necesarias para adaptar a súa normativa a esta nova planificación.

En Outeiro de Rei, a 31 de marzo de 2015”.

O Alcalde afirma que non están dispostos a iniciar a tramitación dun novo pleneamento xeral, xa que perxudicaría enormemente os intereses dos veciños.

Polo que atinxe ás vías de servizo, recorda que actualmente está en marcha un procedemento de delimitación en polígonos do solo urbano non consolidado de Outeiro de Rei. Cando se analicen todas as alegacións presentadas –que son moitas-, cando se emitan todos os informes técnicos, e cando se chegue a un acordo sobre o que quere facer a meirande parte dos veciños, entón estaremos en condicións de solicitar ao Ministerio de Fomento o que sexa, incluso os cartos para facer a urbanización. E teñen que ter claro que o equipo de Goberno, dentro da legalidade, sempre apoiará os intereses dos veciños, neste e en todos os demais asuntos.

Escrito presentado polo voceiro do BNG con data de 10 de abril de 2014 e número de rexistro de entrada 1144, do seguinte teor literal:

“Arcadio Lombao Román, Concelleiro do BNG na Corporación Municipal de Outeiro de Rei ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte:

PROPOSICIÓN RELATIVA A SOLICITAR AO MINISTERIO DE FOMENTO O ARREGLO DO TRAMO DE ESTRADA QUE VAI ENTRE A N-VI E A PONTE VELLA SOBRE O RÍO MIÑO QUE UNE SANTA MARIÑA CON RÁBADE

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende a construción da ponte nova sobre o río Miño, co conseguinte desvío da N-VI, o tramo de estrada que vai dende o novo recorrido desta estrada ata a

denominada Ponte Vella sobre o río Miño entre Santa Mariña e Rábade sufriu un abandono continuo, estando dende sempre nunhas condicións totalmente deplorables e sendo bastante dificultosa a circulación de vehículos por alí.

O Ministerio de Fomento, titular desta estrada, consideróu historicamente este camiño como en desuso, non sendo consciente de que aínda que o seu tráfico pasou a ser moito menor polo desvío da estrada principal, segue a ser moi utilizada por moitas veciñas e veciños da zona para a comunicación con Rábade ou coas parroquias que atravesa a estrada que vai a Castro de Riberas do Lea e que sae dese punto (Santa Mariña, Cela, Matela, Taboi, Castelo, Folgueira, etc.).

Ademáis disto, este tramo é unha das portas de entrada ao concello e está situado nunha paraxe natural impresionante, non sendo acorde o espazo natural co estado da estrada. A estética da entrada a un concello sempre é importante para imaxe ou percepción que se vai ter desa localidade, máxime cando esta estrada leva directamente a unha ponte do século XIV que historicamente tivo unha importancia vital para a vida da comarca.

Todo o anterior fai que non se entenda o estado de abandono que ten este tramo de estrada e por todo iso o Bloque Nacionalista Galego de Oueiro de Rei

SOLICITA dese Pleno da Corporación Municipal de Outeiro de Rei a adopción do seguinte

ACORDO:

Dirixirse de xeito inmediato ao Ministerio de Fomento para que proceda ao arranxo do tramo existente entre a N-VI e a Ponte Vella do Río Miño que une a parroquia de Santa Mariña con Rábade, solucionando os problemas de firme da calzada e facendo os traballos necesarios de acondicionamento do contorno para que sexa acorde co lugar onde está situada.

En Outeiro de Rei a 10 de abril de 2015”.

A continuación, dase tratamento de rogo ao escrito presentado polo voceiro do PSdG-PSOE, o día 22 de abril de 2015 e número de rexistro 1262, do seguinte teor literal:

“MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO SOCIALISTA DO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI PARA REGULARIZAR A SITUACIÓN DAS MARQUESINAS DO BUS ESCOLAR

De acordo co previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Grupo Municipal Socialista do Concello de OUTEIRO DE REI. desexa someter á consideración do Pleno a seguinte Moción:

Exposición de motivos

A modificación da poboación no medio Rural e algo preocupante pois cada día vemos que as persoas tenden a abandoar os núcleos rurais debido a falta de servizos e

as poucas facilidades que as administracións dan para facer atractivo a vida nos citados núcleos.

Entre outros moitos problemas, atopámonos que a poboación está bastante diseminada, lembremos a cantidade de núcleos de poboación que ten O Concello de Outeiro de Rei, esta diseminación provoca que determinadas axudas nunha zoa puntal do Concello, hoxe poidan ser de axuda a un colectivo, e anos mais tarde, ese colectivo estea ubicado noutro lugar, por exemplo o caso dos pequenos deste concello que esperan o bus escolar.

Entendemos que moitas marquesinas que antigamente estaban sendo utilizadas polos pequenos, para o uso dese bus escolar, hoxe en día non teñen o uso para o que estaban pensadas, no lugar onde se ubican, por contra existen outros lugares onde sí son necesarias, xa que espera dos pequenos polo bus escolar é completamente a intemperie, e sobre todo aínda moito mais si consideramos que o clima na nosa Comunidade e en particular no noso Concello, non é especialmente favorable. Poñemos por exemplo o caso dos pequenos que esperan o bus escolar na parroquia de Arcos, na intersección a Estrada de Outeiro de Rei a Castro Riberas de Lea, coa pista que está enfrente da casa Coñecida como Varela de Abaixo.

Por todo iso, o Grupo Municipal Socialista no Concello de Outeiro de Rei somete a votación a seguinte MOCIÓN:

- 1. Facer un estudo onde se deberían ubicar as marquesinas para a mellor disposición dos nenos do Concello de Outeiro de Rei.*
- 2. Colocar aquelas marquesinas que fan falla, ou no seu caso reubicar aquelas que hoxe non fan a súa función, nos lugares onde hoxe en día si son necesarias.*

En Outeiro de Rei, a 21 de Abril de 2015”

O Alcalde afirma que non fai falta facer un estudo, xa que a medida que o Colexio e o transporte escolar autoriza unha parada, sempre, absolutamente sempre, colocan unha marquesiña. Isto o fan, ben reubicando unha marquesiña en desuso ou, se non a hai, colocan unha nova.

Polo que atinxe ao exemplo concreto transcrito no escrito, afirma que xa está colocada ou, cando menos, feita a base de formigón e pedida a marquesiña. Que él saiba, non quedou ningunha marquesiña sen colocar.

Tamén advirte que un estudo feito este ano non sempre vale para o ano vindeiro, xa que, en función das novas incorporacións ao colexio, ás veces créanse novas paradas ou suprímense as xa existentes.

Rematados os rogos, iníciase a lectura dos seguintes escritos de preguntas:

Escrito presentado polo polo voceiro do BNG con data de 27 de abril de 2014 e número de rexistro de entrada 1311, e do seguinte teor literal:

“ARCADIO LOMBAO ROMÁN, como portavoz do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presenta as seguintes preguntas, para a súa resposta por parte da Alcaldía.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Os locais de titularidade municipal son para uso de todas as veciñas e vecinos do concello para aqueles actos que teñen unha transcendencia pública e/ou sexan utilidade para o conxunto da cidadanía.

Dende logo, eses locais non son para uso exclusivo do señor Alcalde ou do partido ao que pretence. Tampouco o son para uso exclusivo de ningún outro partido da oposición.

A diversidade política e ideolóxica é unha riqueza para a cidadanía e o seu debate non debe asustar a ninguén, senón máis ben ao contrario. Este deberá ser alentado polo poderes políticos xa que sempre redundará nunha mellor a saúde democrática.

Impedir o uso de locais públicos para actos políticos a partidos da oposición é, ademais de poliblemente ilegal, unha forma de autoritarismo, por non dicir fascismo, totalmente inotolerábel nos tempos nun estado que se chama a si mesmo “democrático”.

Nin tan sequera nos cocellos de arredor, gobernados polo mesmo partido que Outeiro se produce esta circunstancia, pois este domingo día 26 no concello de Begonte celebrouse un acto público dun partido da oposición, que non era o BNG, presentando a súa candidatura ás municipais non locais do concello, tal e como debe ser.

No concello de Outeiro, dado que parece que temos un alcalde diferente, négaselle un local municipal ao BNG para facer un acto público para a xente do concello fóra do que é a campaña electoral.

Por todo iso, o BNG quere facer ante ese Pleno as seguintes preguntas:

PREGUNTAS:

- 1. Cal é o motivo polo que se lle nega ao BNG un local municipal para a celebración dun acto público fóra da campaña electoral?*
- 2. En que párrafo, en que artigo e en que lei está escrito que a Xunta Electoral impide que un concello conceda permiso a unha organización política para un acto público fóra do que é tempo oficial de campaña electoral?*

En Outeiro de Rei, a 27 de abril de 2015”

A instancias do sr. Alcalde, o Secretario resposta dita pregunta nos seguintes termos:

Estas circunstancias levan a recordar que, segundo o artigo 53 da Lei Orgánica de Réxime Electoral Xeral:

Artículo 53 Período de prohibición de campaña electoral

“No puede difundirse propaganda electoral ni realizarse acto alguno de campaña electoral una vez que ésta haya legalmente terminado. La obtención gratuita de medios proporcionados por las Administraciones Públicas quedará limitada al periodo estricto de campaña electoral. Las limitaciones anteriores se establecen sin perjuicio de las actividades realizadas por los partidos, coaliciones y federaciones en el ejercicio de sus funciones constitucionalmente reconocidas y, en particular, en el artículo 20 de la Constitución”.

Engade o artigo 57:

1. A los efectos de lo dispuesto en el artículo 54, los Ayuntamientos, dentro de los diez días siguientes al de la convocatoria, comunican a la correspondiente Junta Electoral de Zona que, a su vez lo pone en conocimiento de la Junta Provincial, los locales oficiales y lugares públicos que se reservan para la realización gratuita de actos de campaña electoral.

2. Dicha relación ha de contener la especificación de los días y horas en que cada uno sea utilizable y debe ser publicada en el «Boletín Oficial de la Provincia», dentro de los quince días siguientes a la convocatoria. A partir de entonces, los representantes de las candidaturas pueden solicitar ante las Juntas de Zona la utilización de los locales y lugares mencionados.

3. El cuarto día posterior a la proclamación de candidatos, las Juntas de Zona atribuyen los locales y lugares disponibles, en función de las solicitudes, y cuando varias sean coincidentes, atendiendo al criterio de igualdad de oportunidades y, subsidiariamente, a las preferencias de los partidos, federaciones o coaliciones con mayor número de votos en las últimas elecciones equivalentes en la misma circunscripción. Las Juntas Electorales de Zona comunicarán al representante de cada candidatura los locales y lugares asignados.

Polo tanto, o suxeito habilitado para solicitar o uso do Auditorio Municipal unha vez convocadas as eleccións municipais, é o representante da candidatura, o período temporal da solicitude iníciase a partires do día 15 posterior á convocatoria e a autoridade competente para autorizar o uso é a Xunta Electoral de Zona de Lugo.

Escrito presentado polo polo voceiro do BNG con data de 27 de abril de 2014 e número de rexistro de entrada 1312, e do seguinte teor literal:

“ARCADIO LOMBAO ROMÁN, como portavoz do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presenta as seguintes preguntas, para a súa resposta por parte da Alcaldía.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Se ten que haber algo que toda as persoas temos que respectar dun xeito especial son os foros onde están presentes os representantes dos pobo, aqueles homes e mulleres que foron elixidos polos seus concidadáns, independentemente do número de votos que cada un tivera.

Isto tamén inclúe, posiblemente aínda con máis motivo, aos cargos electos. Que dun xeito especial deben ser especialmente respectuosos con este órganos democráticos.

Os compromisos adquiridos neles deben ser cumprido así como as afirmación vertidas, as cales teñen que ser totalmente certas, sen deixar lugar á dúbida.

Nos últimos tempos, dende o BNG observamos como estas premisas non se cumpriron exactamente, tanto no que se queda de facer como nas respostas ás preguntas que se fan.

PREGUNTAS:

1. Cal é o motivo de que o problema da limpeza no colexio de Outeiro siga sen solucionarse a pesar de que dixó neste pleno que estaría resolto en marzo?

2. Que fixo o señor Alcalde para sinalizar os cruces das pistas arredor a igrexa de Cela que quedou de facer no anterior Pleno, fai dous meses?

3. Que fixo o señor Alcalde para que Fomento tomara medidas para que a fauna salvaxe non entrar á autovía ao seu paso polo concello provocando deste xeito un aumento do número de accidentes por este motivo, tas e como quedou de facer no anterior Pleno, fai dous meses?

4. Cal é o motivo de que contestara que a sentenza sobre a urbanización Triaqua estaba recorrida cando esta sentenza de número 132/2014 de TSXG é totalmente firme e non admite recursos de ningún tipo?

5. Cal é o motivo de que diga neste pleno que aínda non sabe o que se leva gastado en costas xudiciais cando tan só a sentenza anterior, por exemplo, o concello está condenado a pagar sobradamente o importe desas costas?

En Outeiro de Rei, a 27 de abril de 2015”

O Alcalde resposta nos seguintes termos:

“A primeira pregunta, que a contratación administrativa ten uns prazos legalmente establecidos que non se poden obviar. O expediente de contratación está a piques de resolverse, pero insiste en que os prazos a seguir non se poden evitar e son públicos.

En resposta á segunda pregunta, recorda que no Pleno de fai uns meses, fixo constar que fai uns anos os veciños opuxéronse a modificar o sentido da circulación desta estrada, e no que atinxe á sinalización, primeiro teñen que falar cos veciños da zona para recabar o seu punto de vista. de cómo facelo.

Es reposta á terceira pregunta, informa que mantivo contactos con Fomento para que se manteñan as alambradas en condicións. E reitera que, aínda estando perfectamente conservadas, algún tipo de animal salvaxe é capaz de superalas. Agora ben, o que non sei se pretende o voceiro do BNG é cuestionar o tipo de alambradas que se colocan nas autovías de España, e advirte que ese debate desborda a este Pleno.

Para respostar á cuarta e quinta pregunta, solicita informe verbal ao Secretario, quen afirma que a Sentenza que é firme é a contencioso-administrativa, pero non a Sentenza da orde xuridiccional civil, que é a que se pronuncia sobor a titularidade dos viais. Asemade, afirma que a contía expresada na liquidación dos gastos de urbanización RA-49 non chega aos 4000 euros, incluído o procurador.

E non habendo máis asuntos a tratar, levántase a sesión, sendo as 14:40 minutos, e da que eu, Secretario, extendo e asino o presente acta.

Asdo.: O Secretario

VºBº; O Alcalde